

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS TELLEIRAS

CURSO: 2º ESO

MATERIA: Educación Física

DEPARTAMENTO: Educación Física

DATA: 12-05-2010

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>1ª avaliación</b>	
B1.1. Recoñecer e aplicar actividades propias de cada fase da sesión de actividade física, en relación coas súas características.	<p>EFB1.1.1. Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados. CMCCT, CSC</p> <p>EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar. CMCCT, CAA</p> <p>EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente. CAA, CSC</p>
B1.5. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de aprendizaxe, para procurar, analizar e seleccionar información salientable, elaborando documentos propios, e facendo exposicións e argumentacións destes.	EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, ...), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable. CD, CCL
B3.1. Recoñecer os factores básicos que interveñen na acción motora e os mecanismos de control da intensidade da actividade física, e aplicarlos á propia práctica, en relación coa saúde e a alimentación.	<p>EFB3.1.3. Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva. CMCCT</p> <p>EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde. CMCCT, CSC</p>
B3.2. Desenvolver as capacidades físicas máis salientables desde a perspectiva da súa saúde de acordo coas posibilidades persoais e dentro das marxes da saúde, amosando unha actitude de autoexigencia no seu esforzo.	<p>EFB3.2.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento. CAA</p> <p>EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades. CAA</p>
B4.1. Resolver situacións motoras individuais aplicando os	EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas

fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións adaptadas.	adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas. CAA, CSIEE
	EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados. CAA, CSIEE
	EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación. CAA, CSIEE
<b>2ª avaliación</b>	
B2.1. Interpretar e producir accións motoras con finalidades artístico-expresivas, utilizando técnicas de expresión corporal e outros recursos.	EFB2.1.2. Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade. CCEC
B4.1. Resolver situacións motoras individuais aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións adaptadas.	EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas. CAA, CSIEE
	EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados. CAA, CSIEE
	EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación. CAA, CSIEE
B4.2. Resolver situacións motoras de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitadas, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos máis relevantes.	EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. CAA, CSIEE
	EFB4.2.2. Describe simplificada e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. CAA, CSIEE
<b>3ª avaliación</b>	
B4.1. Resolver situacións motoras individuais aplicando os fundamentos técnicos e as habilidades específicas, das actividades físico-deportivas propostas, en condicións adaptadas.	*EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas. CAA, CSIEE
	*EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos

	<p>modelos técnicos adaptados. CAA, CSIEE</p> <p>*EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivel de partida, amosando actitudes de esforzo e superación. CAA, CSIEE</p>
<p>B4.2. Resolver situacións motoras de oposición, colaboración ou colaboración-oposición facilitadas, utilizando as estratexias máis axeitadas en función dos estímulos máis relevantes.</p>	<p>*EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. CAA, CSIEE</p> <p>*EFB4.2.2. Describe simplificada e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas. CAA, CSIEE</p>

\* Estes estándares trabállanse ao longo do todo o curso a través de distintos deportes, polo que consideramos, que aínda que non se impartiron os deportes previstos para a 3ª avaliación, os estándares si que se traballaron.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: Distintas actividades teóricas e prácticas sobre os contidos impartidos.
	Instrumentos: Cuestionarios realizados na aula virtual Edixgal, traballo colaborativo “Creación dun xogo”, retos prácticos.
<b>Cualificación final</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Media aritmética</b> das dúas primeiras Avaliacións</li> <li>- Sumarase a esa media ata <b>1 punto</b> pola entrega de todas as actividades, que deben ser presentados de forma correcta e completa, as tarefas puntúanse sobre 10, a media das mesmas dará a porcentaxe que se obtén de ese punto ( as tarefas teóricas 60% e os retos prácticos 40%). <b>0 puntos</b> se non houbo participación.</li> <li>- Obterá o aprobado o alumnado que acade como mínimo un 5 na nota final.</li> <li>- No caso de non aprobar a materia na convocatoria ordinaria, este alumnado terá a oportunidade de facer unha proba escrita extraordinaria no mes de setembro e de ser posible unhas probas prácticas.</li> </ul>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Avaliarase ao alumnado sobre os contidos traballados na 1ª e na 2ª avaliación durante o tempo de clases presenciais.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Será necesario cambiar os procedementos e instrumentos de Avaliación marcados ao principio de curso (exame teórico final en maio dos contidos conceptuais dados o curso anterior que puntuará o 40% da nota, e o 60% será a nota das probas prácticas da 1ª e 2ª avaliación do presente curso) de forma que queda anulada a Proba escrita.</p> <p>A Avaliación deste alumnado será:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- No caso de non ter aprobado o 1º e 2º parcial deste curso (probas prácticas) o alumn@ deberá facer as <b>Actividades de recuperación</b> que están na aula virtual de Edixgal. As actividades deberán estar completas e correctas, para dar a materia por superada.</li> </ul> <p>No caso de non aprobar a materia pendente na convocatoria ordinaria, o alumn@ terá a oportunidade de facer unha Proba escrita extraordinaria no mes de setembro.</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades de repaso dos contidos traballados na 1ª e 2ª avaliación a través de cuestionarios na aula virtual, “Primeiro cuestionario de repaso sobre o Balonmán” e “Cuestionario ataco e defendo”.</li> <li>- Traballo colaborativo de “creación dun xogo na corentena” con actividades que puidera facer calquera na casa (exercicios coñecidos e que vimos nas clases de EF) e seguindo as bases establecidas.</li> <li>- Actividades de recuperación: o alumnado coa 1ª avaliación suspensa deberá facer a actividade de reforzo que está na aula virtual de Edixgal no tema 2 “Reforzo da 1ª avaliación”. As cuestións deberán estar ben feitas e completas para poder dar a avaliación por recuperada. De ser así, terase en conta para a media unha nota máxima de 5 puntos.</li> </ul>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os traballos a realizar preséntase a través da plataforma de Edixgal, coa que xa se viña traballando desde o inicio do curso e a través do correo @telleiras.org e do Drive.</li> <li>- As actividades serán cuestionarios na aula virtual, no caso dos contidos teóricos, e a través de gravacións para os retos prácticos.</li> <li>- O alumnado poderá resolver posibles dúbidas a través do correo electrónico.</li> <li>- Non hai alumnado sen conectividade.</li> </ul>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>En Edixgal, no tema correspondente, están os documentos necesarios, elaborados pola profesora, e enlaces a outros recursos que o alumnado debe consultar para realizar as actividades propostas.</p> <p>As actividades que o precisan teñen unha guía para a súa realización.</p>

#### 4. Información e publicidade

<p><b>Información ao alumnado e ás familias</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- As distintas actividades están na aula virtual de Edixgal.</li> <li>- Información a través de mensaxes por Abalar ás familias de novas actividades.</li> <li>- Información ao Titor/a correspondente cando se detectou falta de traballo.</li> <li>- As dúbidas e aclaracións que puideron xurdir ao alumnado foron respondidas por correo electrónico ao alumn@.</li> <li>- A adaptación da Programación Didáctica do Departamento de Educación Física que recolle este documento farase chegar ao alumnado e ás súas familias subindo o pdf a Edixgal e enviando unha mensaxe por Abalar informando de que está á súa disposición nesa plataforma.</li> </ul>
<p><b>Publicidade</b></p>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>